

ANUNCIO

Contratación de 1 Profesor/a Educación de Adultos-Técnico/a Administrativo/a en réxime de persoal laboral fixo indefinido, proceso estabilización Lei 20/2021 (2022/E001/000039)

O día 10/03/2025, mediante a Resolución da Alcaldía, núm. 292/2025, resolve-se:

PRIMEIRO

Aprobar a proposta de contratación para a cobertura en propiedade de 1 praza convocada de Profesor/a Educación de Adultos-Técnico/a Administrativo/a (C26), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, elevada a esta Alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 04/12/2024, do seguinte teor literal:

"...Declarar que ten superado o proceso selectivo o aspirante que a continuación se relaciona, e propoñer á Alcaldía para que sexa seleccionado para a cobertura en propiedade 1 praza de Profesor-a Educación de Adultos Técnico-a Administrativo-a (C26), e adquira a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:

Apelidos e nome	PUNTUACIÓN TOTAL
<i>Tubío Ordóñez, Eva María ****7709**</i>	100,00

..."

SEGUNDO

Contratar, en réxime de persoal laboral fixo, cun contrato laboral fixo indefinido, a xornada completa, como Profesor/a Educación de Adultos-Técnico/a Administrativo/a do Concello de Rianxo, á persoa que se indica a continuación, no destino que se indica, tendo este o carácter de definitivo, de conformidade co establecido na Base Décimo Segunda.3.1 xa que na dita praza só hai un posto a adscribir e faise a favor da persoa que obtivera a praza obxecto da convocatoria:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación Acadada	% xornada	Adscripción Definitiva
Tubío Ordóñez, Eva María	****7709**	100,00	100 %	Departamento de Persoal e Emprego

TERCEIRO

Publicar esta Resolución no BOP e DOG, así como no taboleiro de anuncios (físico e electrónico), e páxina web municipal, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás persoas interesadas, indicándolle que a formalización do contrato laboral e a incorporación, deberán producirse, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP.

CUARTO

Comunicar esta contratación ao Servizo Público de Emprego, á Seguridade Social e a persoa interesada e dar traslado ao Departamento de Persoal e Intervención para que realicen os trámites oportunos, así como ao Comité de Empresa do Concello de Rianxo para o seu coñecemento.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo, luns 17 de marzo de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín